

# Plan de CONVIVENCIA

CEIP Plurilingüe da Ramallosa

Xuño 2024

# ÍNDICE DE CONTIDOS

<b>1. INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>4</b>
<b>2. SENSIBILIZACIÓN.....</b>	<b>4</b>
<b>2.1 "QUE" e "POR QUE" do plan.....</b>	<b>4</b>
<b>2.2 MARCO LEGAL.....</b>	<b>5</b>
<b>3. DIAGNÓSTICO.....</b>	<b>6</b>
<b>3.1. ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN ACTUAL DO CENTRO.....</b>	<b>6</b>
<b>3.2. QUE E COMO SOMOS.....</b>	<b>7</b>
Características do centro e da súa contorna.....	7
<b>3.3 COMO ESTAMOS.....</b>	<b>9</b>
Situación da convivencia no centro na actualidade.....	9
<b>3.4. QUE FACEMOS.....</b>	<b>11</b>
Experiencias e traballos previos relacionados coa convivencia no centro.....	11
<b>4. CONCRECIÓN DO PLAN.....</b>	<b>13</b>
<b>4.1 OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA.....</b>	<b>13</b>
Obxectivos xerais do plan de convivencia.....	13
<b>4.2 COMO O FAREMOS.....</b>	<b>16</b>
a) Medidas preventivas: Actividades para traballar a convivencia positiva de aula...	16
b) Actividades para a integración e participación do alumnado.....	17
c) Actividades que favorecen a relación de familia e centro.....	18
Xornadas de Convivencia.....	19
Actividades específicas da etapa de Educación Infantil.....	19
Actividades específicas da etapa de Educación Primaria.....	19
Actividades específicas do Equipo de Orientación escolar:.....	20
Actuacións conxuntas dos equipos docentes do centro, en coordinación cos equipos de orientación.....	21
Actividades para a sensibilización fronte ó acoso, ciberacoso e intimidación entre iguais. (Titoría e Orientación).....	21
Actuacións do profesorado titor para a inclusión do alumnado de novo ingreso..	22
Actuacións específicas dende o equipo de Biblioteca.....	23
Actividades específicas dende equipo de extraescolares.....	24
<b>5. NORMAS XERAIS DO CENTRO.....</b>	<b>24</b>

<b>6. NORMAS DE CONVIVENCIA.....</b>	<b>25</b>
<b>7. COMISIÓN DE CONVIVENCIA NO CENTRO.....</b>	<b>25</b>
<b>7.1 COMPETENCIAS DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA.....</b>	<b>26</b>
<b>7.2. PERIODICIDADE DAS REUNIÓNS.....</b>	<b>26</b>
<b>8. RELACIÓN DE FALTAS E CATALOGACIÓN.....</b>	<b>26</b>
<b>Faltas leves.....</b>	<b>27</b>
<b>Faltas graves.....</b>	<b>28</b>
<b>9. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.....</b>	<b>29</b>
<b>10. APROBACIÓN E DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA NO CONSELLO ESCOLAR E POSTERIOR INCORPORACIÓN AO P.E. DO CENTRO.</b>	

## 1. INTRODUCCIÓN

O psiquiatra Enrique Rojas dixo nalgún momento: “Convivencia é , ante todo, compartir, participar, na vida allea e facer participar ao outro na propia”.

No marco da nosa institución educativa, recoñecemos a importancia de construír unha contorna harmoniosa que propicie non só a aprendizaxe académica, senón tamén o desenvolvemento integral de todo o alumnado. A convivencia escolar eríxese como o pilar fundamental que moldea as interaccións diarias entre docentes, alumnos, persoal administrativo e familias, impactando directamente no clima institucional e no benestar emocional de quen conforma a nosa comunidade educativa.

O presente plan de convivencia escolar xorde como resposta á necesidade de establecer lineamentos claros e estratexias efectivas para cultivar un ambiente respectuoso, inclusivo e colaborativo. A través desta iniciativa, buscamos promover valores fundamentais como o respecto, a empatía, a tolerancia e a responsabilidade, creando así as condicións propicias para o desenvolvemento positivo das relacións interpersoais. O compromiso de todos os membros da comunidade educativa é esencial para a efectiva implementación deste plan. Propoñémonos non só abordar situacións conflitivas de maneira proactiva, senón tamén traballar na prevención, fomentando a participación activa e construíndo unha cultura na que cada individuo sinta valorado e escoitado.

## 2. SENSIBILIZACIÓN

### 2.1 “QUE” e “POR QUE” do plan

O Centro educativo constitúe unha comunidade de convivencia e, ao mesmo tempo, un centro de aprendizaxe da convivencia. Como comunidade de convivencia, temos a obriga de fomentar unha cultura de paz, coa participación de todos os seus membros xerando un clima positivo de confianza. Para conseguir este obxectivo debemos fomentar os valores democráticos, a solidariedade, a tolerancia, o respecto mutuo, o compromiso, a interculturalidade, os dereitos humanos. Como centro de aprendizaxe, o

seu fin é desenvolver a formación integral do ser humano, fomentando uns aprendizaxes socialmente valiosos que permitan ao alumnado progresar e integrarse con eficacia no futuro, na vida adulta e activa.

O presente Plan de Convivencia Escolar, trata de establecer a liña de traballo a seguir no noso centro en materia de convivencia, así como as normas que a regularán, e as actuacións que se levarán a cabo para cumprir os obxectivos do mesmo; pero sobre todo este Plan desenvolve a nosa **ideoloxía restaurativa**, primando a prevención dos conflitos e o seu tratamento como alternativa ás diferentes medidas punitivas posteriores ó dano causado.

Un dos puntos de partida para a realización do plan é o **marco legal existente**, que recoñece o papel decisivo que xoga a educación como motor que impulsa a cultura da paz, a cal incorpora unha serie de valores, comportamentos, actitudes, prácticas, sentimentos e crenzas que rexeitan a violencia e promoven o diálogo, a negociación e a mediación como prácticas para xeneralizar na xestión dos conflitos, sendo o outro punto de partida na realización do plan, as reflexións de todo o claustro sobre o modelo de convivencia do noso centro.

Poñer en práctica este plan supón a posta en marcha dun conxunto de actuacións encamiñadas a desenvolver e adecuar a cultura da paz na nosa comunidade educativa dende unha estrutura preventiva. Este plan ten como finalidade promover e contribuír á consecución dun clima adecuado dentro da comunidade educativa e, especialmente do centro, que se caracterice polo respecto mutuo, o diálogo e a tolerancia.

## 2.2 MARCO LEGAL

- Constitución Española: Artigo 27.2.
- Lei Orgánica 2/2006 do 3 de Maio de educación (LOE)
- Decreto 130/2007 do 28 Xuño polo que se establece o currículo de Primaria na CCAA de Galicia.
- Decreto 85/2007, do 12 de Abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar (DOG, do martes 8 de maio)

- Instrucións sobre o Observatorio de Convivencia Escolar nos centros educativos e para a elaboración dun plan de convivencia (consellería de educación) (17/10/07)
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da Comunidade Educativa.
- Regulamento de Réxime Interno do centro.
- Proxecto Educativo do centro.
- Plan integral de mellora da convivencia escolar en Galicia (Xunta de Galicia).
- Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Orden do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa

- coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.

### **3. DIAGNÓSTICO**

#### **3.1. ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN ACTUAL DO CENTRO**

O Colexio da Ramallosa é un centro medianamente grande, con dúas e en algúns niveis tres liñas, que reúne un número considerable de familias, pero cunha tradición dunha convivencia estreita e real entre elas, e onde a proximidade e relación co profesorado é unha realidade posto que desde sempre se abriu ás familias a posibilidade de participar nas actividades que se organizan. As persoas poden mostrar e manifestar as súas opinións, sentimentos... e onde cada un amosa unha actitude de respecto cara os demais. Desta maneira faise posible unha labor educativa próxima.

O noso centro caracterízase por:

- Ser unha comunidade de aprendizaxe, reflexiva, e proclive ao cambio e á innovación.
- Ser Plurilingüe, impartíndose a área de plástica en lingua estranxeira dende 1º a 6º de Educación Primaria.
- Ser Abalar e E-Dixgal nos cursos 5º e 6º de Educación Primaria, sendo un centro dixital dende Educación Infantil ata 6º.



- Ser inclusivo, apostando pola atención á diversidade entendendo que a diversidade enriquece as nosas aulas.
- Saber, crer e entender que tódolos nosos alumnos e alumnas son intelixentes de xeitos diferentes e así sempre poden aprender dende as súas fortalezas.
- Impulsar a contribución á adquisición das competencias o que nos leva a desenvolver as intelixencias do noso alumnado e dotalo de ferramentas para que comprendan e se desenvolvan axeitadamente no mundo no que viven.
- Fomentar os principios democráticos de convivencia: respecto, tolerancia, amizade, xustiza, paz, liberdade e espírito crítico.
- Promover a conciencia ecolóxica e sostenibilidade, pertencendo ao proxecto de Escola Verde.
- Participar en proxectos de dinamización da lingua galega, sendo recoñecidos varios premios relacionados co proxecto.

Poténciase un ambiente de participación no que todas as persoas se respectan e no que as pautas de convivencia se elaboran entre todos. As normas fundamentais baséanse no respecto ao outro, o respecto ás cousas e os espazos e a aceptación de que vivimos en grupo.

O pesoponse na creación dun ambiente de confianza, que permite a expresión persoal e o diálogo, a través dun currículo escolar máis inclusivo e democrático.

Cóidanse e revísanse de forma constante as interaccións na aula, a motivación, a reacción ante a disrupción, como fonte de prevención de conflitos.

Desenvólvense medidas organizativas favorecedoras da detección temperá dos conflitos, así como a aplicación de solucións pacíficas.

En definitiva, o clima educativo no que se desenvolven as actividades do noso colexio facilita e fai de marco protector do ambiente de convivencia que se desfruta. Isto obsérvase nas aulas e nos patios, tamén na satisfacción dos alumnos, pais e profesores, tal e como se constatan nas enquisas realizadas o curso pasado na realización do PEM, así como os sociogramas que cada ano se aplican en diferentes cursos, amosando unha estrutura social saudable.

### 3.2. QUE E COMO SOMOS

#### Características do centro e da súa contorna.

**O CEIP da Ramallosa está situado en Ramallosa (Teo).** É un centro de **19 unidades**, 4 de Educación Infantil e 15 de Educación Primaria, que conta cun total de trinta e tres profesoras e profesores, un conserxe, un administrativo, un auxiliar técnico educativo e unha auxiliar de conversa en lingua inglesa. O centro escolariza un total de 358 alumnos/as que se distribúen nos distintos niveis. Desde hai algúns cursos véñense escolarizando alumnos/as procedentes do estranxeiro, na maioría dos casos coa escolarización xa iniciada noutros países, e de adopcións internacionais.

O centro consta de transporte e de servizo de comedor, do que son utilitarios aproximadamente un 95% dos alumnos/as.

**A estrutura organizativa do centro é a que marca a lexislación pertinente** e está composta polos **órganos unipersoais** (Director, Xefa de estudos e Secretaria), **colexiados** (Consello Escolar, Claustro de Profesorado) e polos **órganos de coordinación docente** (Departamento de Orientación, Comisión de Coordinación Pedagóxica, Equipo de apoio a Biblioteca, Equipo de Normalización Lingüística e Equipo de actividades extraescolares e complementarias).

O centro conta cun **profesorado moi dinámico**, que participa en distintos proxectos: "Seccións Bilingües", "PLAMBE - Biblioteca escolar", "Proxectos de Formación Permanente do Profesorado en materia de Polos Creativos", "Programa en colaboración co IES de Cacheiras para facilitar a transición de EP á ESO", "Proxectos de participación do alumnado na toma de decisións da vida cotiá do centro en colaboración co Concello de Teo" (Fopia) e "Mellora da convivencia", "Clube de Convivencia", "Proxecto de Mediación Escolar", "Proxecto Ukecole", "Proxecto de Música Tradicional galega", "Enreguéifate", "Quero cantar", "As nosas composicións", "O Banco solidario de Instrumentos", "Proxecto didáctico Antonio Fraguas", "21 días co Galego", "Cóntame un Conto", "Escola Verde", "Tele [Ramalloseir@s](mailto:Ramalloseir@s)"....





É importante destacar o **recoñecemento ao traballo realizado** a través dos diferentes **premios obtidos**, gracias a un profesorado entusiasta, dedicado e comprometido coa súa profesión docente.

O **equipo do profesorado** conta cunha gran parte de profesorado definitivo, o que repercute positivamente a nivel de estabilidade, e contribúe a que o clima de convivencia existente entre todas e todos sexa moi positivo.

O prototipo dominante das **familias do alumnado** do centro ten unha estrutura convencional. O nivel socioeconómico cultural é medio – baixo. En xeral o ambiente familiar é estable, sen grandes conflitos, aínda que tamén hai un porcentaxe de familias cun grao de desestruturación considerable. Estes feitos repercuten de xeito positivo e negativo, respectivamente, na marcha escolar. En xeral as familias manteñen unha relación boa e fluída co colexio. Existe unha Asociación de Nais e Pais moi participativa e colaborativa activamente na vida do centro.

O Concello no que se sitúa o colexio conta cos servizos adecuados para satisfacer as principais necesidades da poboación: concello, sanidade, educación, servizos sociais, comunicacións, lecer e espectáculos; e está en constante comunicación co Departamento de Orientación.

Ademais de estar a 15 minutos do centro da cidade de Santiago, **esta zona de influencia que podemos catalogar como semi-urbana ou semi-rural, está** constituída por unha parte por parroquias e lugares bastante diseminados e extensos, o que promove que algún do noso alumnado estea illado nas súas casas e mostre dificultades de relación típicas das sociedades actuais; e por outra, nos últimos anos consolidouse un crecemento veciñal na zona de influencia do colexio coa aparición de novas urbanizacións e vivendas próximas ó centro.

En canto á **lingua**, maioritariamente emprégase o galego na contorna familiar, aínda que unha pequena parte do alumnado, sobre todo procedente de **urbanizacións recentes** e de distintos lugares do Estado e de fora, **é castelán falante**. Tamén é o **galego** a lingua habitualmente utilizada pola **comunidade en xeral** nos distintos

ámbitos sociais, polas distintas entidades asociativas e culturais e por parte do Concello.

### 3.3 COMO ESTAMOS

#### Situación da convivencia no centro na actualidade.

A convivencia no centro está condicionada por unha serie de factores externos a este, pero de gran influencia. Entre eles podemos citar:

- a) A contorna físico:
  - a. A distribución dos espazos do centro supón, ás veces, unha causa de conflitos. **O colexio ten varios pisos e numerosas escaleiras** que, en moitas ocasións, orixinan problemas xerados por un comportamento inadecuado, ao subir e baixar as mesmas, que favorece a falta de respecto e o ruído en exceso.
  - b. Ademais a **distribución dos espazos do patio** é susceptible de xerar conflitos, motivo polo cal, permanecemos en alerta á este aspecto pendentes dunha dinamización deste.
- b) A contorna social:
  - a. Nalgunhas ocasións, a mobilidade dalgunhas familias, implica que o alumnado comeza a medio curso ou non remata este no mesmo centro.

Unha vez analizados ditos factores, a situación actual da convivencia no noso centro pódese dicir que é boa e satisfactoria.

A **relación con outras institucións do contorno**, como por exemplo o Concello, é correcta. O Concello organiza actividades extraescolares na nosa zona de influencia nas que participa o centro (por exemplo: charlas e docencias dirixidas a familias e docentes sobre diferentes temáticas. Darán inicio o presente curso escolar e a primeira versará sobre o uso responsable da tecnoloxía). Realizan outras actividades máis sistematizadas (Teo coida, Actividades deportivas e de ocio). Así mesmo del dependen os **Servizos Sociais** cos que existe unha estreita colaboración. A participación do Concello canalízase a través da súa representante no Consello Escolar.



Ademais, contamos coas relacións establecidas coa USC que enriquecen a visión pluralista na nosa liña educativa, que pretende ofertar ó noso alumnado novos modelos de realidades cotiás.

**A relación entre o profesorado e fluída e agradable tendo en conta que é un claustro moi numeroso.**

**A relación coas familias é en xeral bastante fluída.** A maior parte das familias implícanse moito e colaboran en grande medida. Sen embargo, outro grupo, debido a distintas e variadas razóns, non colabora tan activamente nin se implica no proceso educativo dos seu fillos.

Entre o alumnado non se observan serios problemas, aparecendo algún conflito esporádico que se resolve fundamentalmente co diálogo, co proxecto de mediación escolar (que da inicio o presente curso escolar) e con algunha medida disciplinaria de carácter menor de forma moi extraordinaria.

Os **tipos de conflitos máis frecuentes**, cos que nos encontramos no centro son:

a) Alumnado:

- **Comportamentos disruptivos nas aula:** levantarse sen permiso, falar cos compañeiros, etc.
- **Problemas no patio** relacionados fundamentalmente co fútbol.
- **Esquecemento do material** para o desenvolvemento da clase.
- **Perda de respecto** entre iguais, e perda do respecto ao profesor durante o período lectivo.
- Excesiva **competitividade**.
- **Desobediencia** ás ordes educativas do profesor.

b) Profesorado: non existen conflitos entre o profesorado.

c) Familias:

- **Tendencia a xustificar ao alumnado** con respecto ao incumprimento das normas.
- Pequenos conflitos xerados por **diversidade de opinión** en canto ao tratamento dun tema.

- **Falta de puntualidade ou ausencia** nas titorías.

### 3.4. QUE FACEMOS

#### Experiencias e traballos previos relacionados coa convivencia no centro.

A formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos da convivencia, a inclusión e a coeducación; é o eixe fundamental sobre o que xira o Proxecto Educativo do noso centro.

As actividades que se veñen realizando neste centro no tema da convivencia están en relación directa ou indirecta coa mesma. A continuación ofrécese un resumo das medidas e actividades levadas a cabo que pensamos que favorecen a convivencia escolar e que xa estaban postas en práctica antes da elaboración deste documento

- **Profesorado:**
  - **Metodoloxía:** traballo cooperativo, axuda entre iguais, atención á diversidade, proporcionando oportunidades para que o alumnado coñeza e aprecien as habilidades e perspectivas dos seus compañeiros, traballo das habilidades sociais e da intelixencia emocional, traballo dos valores. Mediación (Dará comezo o presente curso escolar, para intervir de maneira efectiva en situacións de conflito para encontrar solucións construtivas)
  - Incentivar **Actitudes Positivas:** Recoñecemento e recompensa das actitudes positivas e o comportamento respectuoso. Isto pode incluír sistemas de recompensas, eloxios públicos ou certificados de recoñecemento.
  - Tratamos de ter una **comunicación aberta:** proporcionando un ambiente e un entorno seguro, no que o alumnado se sinta cómodo expresando as súas opinións e preocupacións.
  - **Difusión das normas** entre o alumnado e debate das mesmas desde o inicio de curso, asegurándose de que o alumnado comprenda as expectativas e as consecuencias do seu compromiso.



- o Difusión dos **dereitos e deberes** do alumnado.
- o **Reunións coas familias** co fin de implicalos na marcha do centro, de crear un clima de confianza, de difundir as normas, de dar e obter información...
- Alumnado:
  - o Posta en práctica do **Plan de acollida** ao alumnado de novo ingreso, co fin de propiciar unha rápida integración do alumno/a e un bo clima coa familia do alumnado novo.
  - o **Participación na elaboración das normas da aula escolar.** Difusión e coñecemento destas mesmas.
  - o **Participación nas festas, saídas, excursións...** Nestas actividades, nas que a convivencia é a tempo completo, é onde principalmente se pode fomentar o valor do respecto cara aos demais.
- Centro:
  - o **Organización de actividades para a acollida do novo profesorado** desde o equipo directivo: facilitar toda a información do centro e debatela en reunións co fin de propiciar rapidamente a integración e de favorecer un clima de confianza.
  - o **Elaboración, difusión e consenso dos distintos documentos:** PE, PAT, PXAD, POE, Plan de Acollida, NOF...
  - o Reserva de espazos e tempos para a comunicación entre familia e equipos docentes.
  - o Fomento das actividades propostas polas familias do alumnado.
  - o Fomento de actividades complementarias por parte do profesorado.
  - o Conmemoración das diferentes festividades, algunhas abertas ás familias.
  - o Excursións fin de curso, sendo a de 6º de máis días de duración.
  - o Xornadas de convivencia cos alumnos de 6º do CEIP Os Tilos e do CEIP de Calo.
  - o Xornada de convivencia cos alumnos do Cra de Teo.

- o Xornada de convivencia cos alumnos de 6º de Educación Primaria e os exalumnos no IES de Cacheiras.
- o Xornada en Xirimbao de convivencia con motivo das letras galegas.
- o “O Banco solidario de instrumentos”

## **4. CONCRECIÓN DO PLAN**

### **4.1 OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA**

Creemos que a convivencia é fundamental na vida dun centro educativo e que por iso non se trata de levar a cabo actuacións illadas senón que a convivencia se traballe de maneira cotiá co obxectivo común, compartido por toda a comunidade educativa, de lograr a mellor formación para o noso alumnado.

No noso centro entendemos a convivencia escolar, como a interrelación que existe entre as distintas persoas que compoñen a comunidade educativa (alumnado, profesorado, persoal non docente e familias), e que no noso caso, ten lugar nun espazo determinado: a escola, coas súas extensións á contorna socio cultural.

A complexidade da convivencia radica na diversidade de personalidades, habilidades e experiencias. Ao longo desta proposta, estableceranse os obxectivos fundamentais do noso plan de convivencia, delineando metas concretas que buscan fortalecer a coexistencia positiva e contribuír ao desenvolvemento emocional e social de todos os membros da comunidade educativa. Estes obxectivos non só apuntan a resolver conflitos puntuais, senón tamén a prever a súa aparición e a construír unha cultura escolar baseada no respecto mutuo e a colaboración

#### **Obxectivos xerais do plan de convivencia**

En relación a análise da situación de convivencia do centro, plantexamos os seguintes obxectivos.

- a) Desenvolver accións que faciliten unha boa relación entre os membros da comunidade educativa.



- b) Levar a cabo unha intervención preventiva como medio para lograr un bo clima de convivencia nas aulas e no centro.
- c) Fomentar actividades, espazos abertos e tempos para mellorar as relacións entre compañeiros/as.
- d) Fomentar valores de convivencia como o respecto mutuo, a tolerancia, a solidariedade, empatía e a interiorización das normas de convivencia, o dialogo, a colaboración.
- e) Desenvolver nos alumnos habilidades sociais e intelixencia emocional, titoría entre iguais, modelos de mediación, etc.
- f) Reducir ao mínimo as condutas disruptivas que perturban o bo clima de clase para evitar a conflitividade.
- g) Priorizar a resolución pacífica dos conflitos de xeito formativo e restaurativo mediante o diálogo e o esforzo conxunto do profesor e os alumnos.
- h) Proceder ante os problemas de conduta seguindo uns principios de actuación coherentes que orienten as intervencións de todos os mestres e todas as mestras de forma consensuada, evitando contradicións que desorienten aos alumnos.
- i) Analizar as causas das condutas disruptivas e procurar resolvelas como paso previo.

En canto os obxectivos que implican a cada un dos membros da Comunidade Educativa, son:

#### Obxectivos para o profesorado

- a) Conseguir un entorno educativo adecuado para o proceso de aprendizaxe.
- b) Propor medidas e iniciativas que favorezan a convivencia escolar.
- c) Programar e desenvolver actividades encamiñadas a conseguir unha educación nos valores democráticos.



- d) Programar e desenvolver actividades encamiñadas a conseguir a mellora das habilidades sociais, que permitan comprender os diferentes puntos de vista e convivir en sociedade, fomentando o diálogo e a comunicación.
- e) Programar e desenvolver actividades encamiñadas a conseguir a adquisición de responsabilidades por parte do alumnado.
- f) Fomentar e velar polo cumprimento das normas.
- g) Coñecer as consecuencias das condutas que perturban a convivencia e os tipos e medidas de corrección.
- h) Previr, detectar, tratar e realizar un seguimento daquelas manifestacións de violencia e acoso que se poidan producir no centro.
- i) Posuír a información sobre o protocolo a seguir e as posibilidades de actuación ante un conflito.
- j) Manter unha liña común na prevención, tratamento e resolución de conflitos, modo fundamental de actuación para tentar lograr un centro con cero conflitos.
- k) Mediar na resolución pacífica dos conflitos e utilízalos como fonte de aprendizaxe.
- l) Coñecer os deberes e dereitos de cada sector da comunidade educativa.
- m) Inculcar ao alumnado e ás familias que o desenvolvemento dos dereitos vai acompañado do cumprimento dos deberes cara aos demais.

#### Obxectivos para o alumnado

- a) Adquirir os valores de tolerancia, respecto e actitude de diálogo como xeradores dunha boa convivencia.
- b) Aceptar as diferencias e valoralas como algo positivo e enriquecedor, evitando calquera tipo de discriminación.
- c) Asumir o compromiso coas normas de convivencia do centro.
- d) Aprender a utilizar estratexias para resolver conflitos xerados no entorno escolar de xeito pacífico.





- e) Implicarse na procura de solucións aos posibles conflitos.
- f) Manifestar unha actitude de responsabilidade e respecto no uso e coidado do seu entorno, así como no uso e coidado do material e das instalacións.
- g) Manifestar actitudes de respecto, colaboración e solidariedade cara aos demais.
- h) Coñecer os seus dereitos e deberes.
- i) Coñecer cales son as condutas que perturban a convivencia, así como os tipos e medidas de corrección.

#### Obxectivos para as familias

- a) Implicarse no proceso educativo de seus/súas fillos/as.
- b) Colaborar activamente co profesorado para conseguir un mellor desenvolvemento do proceso educativo do seus/súas fillos/as.
- c) Participar e colaborar co centro educativo nas medidas de prevención e corrección das posibles condutas perturbadoras da convivencia.
- d) Coñecer os dereitos e deberes de seus/súas fillos/as, e deles mesmos, como membros da comunidade educativa.
- e) Coñecer cales son as condutas que perturban a convivencia, así como os tipos e medidas de corrección.
- f) Participar no desenvolvemento da convivencia no centro a través dos distintos organismos: Consello Escolar, ANPA...
- g) Asesorarse sobre como actuar adecuadamente ante un conflito ou para poder previr os mesmos.

## 4.2 COMO O FAREMOS

É importante actuar de cara a prevención dos posibles conflitos que alteren á convivencia do centro, tentando crear un clima que evite a aparición de todos aqueles episodios que poidan perturbala. Polo tanto, tentarase poñer todos os medios para identificar aquelas situacións que supoñan un problema e para fomentar unhas boas relacións interpersoais. Neste sentido **é importante elaborar e clarificar as normas**



**que nos van rexer, pero sobre todo un articulado de medidas preventivas do conflito que atendan a todo tipo de situacións e dinámicas posibles.**

Para xestionar a convivencia no centro tentaremos facelo desde un **modelo integrado e non punitivo**, é dicir, que estea inserido no proceso de ensino-aprendizaxe e na cultura organizativa do centro. **Pero este modelo non exclúe adoptar outros en casos excepcionais**, como poden ser o modelo sancionador (baseado unicamente na aplicación de sancións)

Accións para a consecución dos obxectivos.

*Nota aclaratoria: É moi importante aclarar que é moi difícil englobar as actividades de convivencia nun grupo ou outro, xa que son actividades globalizadas que partindo de un ou doutro equipo ou departamento inclúen dunha forma ou doutra a toda a comunidade educativa.*

*Aínda así, tratarase de estruturar da mellor maneira posible para entender a dinámica da convivencia do centro, especificando do xeito que se expón a continuación as actividades que se promoven para potenciar a convivencia escolar.*

a) Medidas preventivas: Actividades para traballar a convivencia positiva de aula

- *Emocionómetros.*

Dentro do traballo da Educación Emocional e para transmitirlo ó nosos alumnado, traballamos desde as aulas con emocionarios ou emocionómetros, para ter unha disposición a mostrar publicamente emocións e sentimentos. O modo de traballo é comprender en primeira instancia as emocións básicas, diferencialas segundo as distintas situacións e mostralas ao grupo. A continuación pasamos á comprensión dos sentimentos, abrindo cada vez máis o abano de posibilidades. Por último traballamos o manexo de emocións e sentimentos.

Este tipo de emocionómetros están presentes nalgunha das aulas de titoría en ambas as dúas etapas educativas. (En Educación Primaria, no 1º ciclo)



- *Recunchos da calma e recunchos para o traballo da Convivencia. (sobre todo en Educación infantil)*

Así mesmo, nalgúnhas aulas do centro, existen á disposición do alumnado recunchos para a xestión destas emocións que inciten á calma. (sobre todo en Educación infantil) Deste modo, este tipo de recunchos traballan a resolución de conflitos mediante a reflexión na autoconciencia.

- *Emprego de probas sociométricas:*

Empregaremos probas sociométricas para determinar a estrutura grupal da clase (sociograma) e a situación relativa de cada alumno con respecto ao grupo (cadro sociométrico).

Este tipo de probas, realizadas polo Equipo de Orientación serven para:

- Poder exercer unha influencia máis eficaz na dinámica do grupo.
- Incrementar a cohesión grupal, favorecer a convivencia e o traballo eficaz.
- Evitar o rexeitamento ou o illamento social integrando na dinámica grupal os alumnos rexeitados, illados ou aos alumnos illas.
- Constituír grupos de traballo máis eficaces.
- Conseguir a colaboración dos alumnos líderes na boa marcha da clase.
- Determinar as vías de contacto entre subgrupos enfrontados ou entre alumnos líderes.

## b) Actividades para a integración e participación do alumnado

- *Clube de Convivencia:*

O Clube de Convivencia é un organismo participativo e asembleario formado por parte do alumnado e do profesorado, para tomar decisións na mellora da convivencia e para establecer formas de diálogo que garantan un modelo mediador na resolución dos conflitos.

Está integrado polos seguintes membros:

- **Mediadores:**



Os mediadores son un grupo de alumnos e alumnas que realizan as labores de mediación en conflitos derivados dos tempos de lecer no patio de recreo, pero que tamén median en todo tipo de conflitos entre o alumnado. É un cargo voluntario que realiza unha sesión de acompañamento no patio para mediar no caso de conflito non resolto entre o propio alumnado.

- Encargados do préstamo:

Reparten o material co que se pode xogar no recreo e velan polo seu cuidado e colocación do mesmo despois do recreo.

- Gardiáns e gardiás de corredor:

Velan polo orden nas subidas e baixadas das escadas nos cambios de clase cando estas son noutra aula diferente á habitual, así como as subidas e baixadas ao patio.

- Colaboradores/as de biblioteca:

Colaboran no préstamo de libros no tempo de recreo e axudan a manter limpa e ordenada a biblioteca.

- Músicos:

Que dinamizan as actividades complementarias e extraescolares que se organizan con motivo das diferentes festas e conmemoracións:

- [Gaiter@s](#) [Ramalloseir@s](#).
- UkeBand.
- Aula Combo.

c) Actividades que favorecen a relación de familia e centro.

**Familias e docentes comparten un mesmo obxectivo que é educar ó alumnado.** A

cooperación entre ambos é fundamental para que o desenvolvemento académico do estudante sexa coherente. As familias deberán implicarse no funcionamento da escola e participar nas actividades comúns que se propoñan, debendo cooperar e relacionarse as dúas partes, para que a traxectoria académica do neno/a se desenvolva de forma coherente e na mesma dirección.

- Xornadas de Convivencia.  
Na medida do posible o centro garantirá actividades encamiñadas a vivenciar o sentimento de comunidade, facendo partícipes a todos os membros mediante Xornadas de Convivencia.
  - Xornadas de convivencia cos Ceips de Os tilos e Calo no noso centro (para os alumnos de 6º de primaria).
  - Xornada de convivencia en Xirimbao (para toda a comunidade educativa).
  - Xornada de convivencia cos alumnos do CRA no noso centro (para os alumnos de 3º de Educación Primaria).
  - Xornada de convivencia no IES de Cacheiras (para os alumnos de 6º de primaria).
- Actividades específicas da etapa de Educación Infantil.
  - Sesións de portas abertas (cancelado dende a pandemia, pendente de recuperar).
  - Acollida de novas familias.
  - Saúdos nas entradas das aulas.
  - Recunchos da calma (nalgunhas aulas)
  - Invitación das familias ás aulas. Proxecto “Conta conmigo”: convídase ás familias (pais, nais, avós, irmáns...) a vir ás aulas ler un conto ou facer algunha actividade grupal.
  - Obradoiros internivel: “Venres divertido”. En cada aula faise unha proposta, repártese todo o alumnado de infantil mesturado e pasan por grupos por cada obradoiro. Tamén se fan obradoiros de baile.
- Actividades específicas da etapa de Educación Primaria.
  - Implicación en **todas** as actividades promovidas dende os diferentes equipos e departamentos.
  - Plan de acollida de alumnado de novo ingreso (mais especificado en epígrafes posteriores).



- Adaptación do cambio de etapa.
- Proxecto Guíame (máis especificado en epígrafes posteriores).
- Actuacións específicas para a prevención da violencia sexista: Con obxectivo de prever os devanditos tipos de manifestacións e actuacións de prexuízo, actúase dende a formación en valores de igualdade, tolerancia, respecto e solidariedade, desenvolvendo iniciativas que evitan a discriminación de calquera membro da Comunidade Educativa.
- Actividades específicas do Equipo de Orientación escolar:
  - *Obradoiro de familias*

Esta actividade xorde para fomentar a colaboración e participación das familias na vida escolar, en colaboración co Concello que proporciona a perfís especializados para ofrecer charlas obradoiros ás familias que o desexen en colaboración co Departamento de Orientación.

Os temas abordados van dende os hábitos de estudo, as novas tecnoloxías, Internet e televisión, hábitos alimenticios..., e toda unha serie de temáticas que estimamos útiles e prácticas e que poidan servir para axudar á mellora do noso alumnado, xunto coa importante colaboración das familias. Dará comenzo o próximo 30 de xaneiro.
  - *Proxecto Guíame*

O tránsito entre as etapas de Educación Primaria e Secundaria é un dos momentos máis importantes na escolarización obrigatoria do alumnado. O chanzo é inevitable e é, sen dúbida, un momento crítico.

Comenzar a etapa de Secundaria implica unha serie de cambios para o alumnado. A capacidade de adaptación é tamén un valor educativo, de aquí que sexa importante abordar a transición tamén desde unha perspectiva positiva, considerándoa como unha oportunidade para a aprendizaxe e crecemento.



O que importa é que o paso de un nivel a outro sexa iso, unha transición e non unha ruptura, xa que esa graduación progresiva rómpese cando se acumulan moitos cambios e esixencias nun determinado momento. Todas as transicións educativas son delicadas, pero quizás esta o sexa especialmente, debido a unha serie de circunstancias que concorren e que poden incidir na historia escolar do alumnado.

Neste punto de non retorno, o apoio do profesorado e a súa orientación son un dos pilares fundamentais no éxito dos alumnos.

Con este proxecto de transición pretendemos minimizar os principais cambios derivados do paso a etapa Secundaria.

- *Proxecto "Emociónate Xogando"*

Xorde como un proxecto de socialización e fomento da convivencia no que, a través de diferentes talleres, promóvese a sensibilización sobre a emoción que supón o xogo entre iguais cos todos os nenos e nenas do colexio, e que serve de anteprojecto para o que nun futuro próximo se intentará realizar a través da dinamización do patio de xogo.

- *Talleres de Igualdade*

Dende o Equipo de orientación e en colaboración co Concello de Teo realízanse uns obradoiros de Igualdade dirixidos a alumnos de 4º, 5º ou 6º de Educación primaria. Así mesmo, Dende o equipo de Biblioteca e en colaboración co resto de equipos de centro e con motivo da Conmemoración do Día Internacional da muller traballadora, 8 de marzo, realízase una actividade de centro para concienciar sobre a igualdade de xéneros e tamén a importancia e relevancia da figura da muller en todas as facetas da vida social e cultural.

- *Programa Habilidades Sociais*

Destinado aos alumnos de 6º de Ed. Primaria promovido polo Concello de Boqueixón.

- Actuacións conxuntas dos equipos docentes do centro, en coordinación cos

equipos de orientación.

- Reunións periódicas coa persoa responsable do equipo de orientación.
  - Elaborar propostas de acción.
  - Proporcionar e solicitar do EOE a información necesaria para analizar e intentar solucionar os problemas persoais e sociais do alumno/a
  - Educar dende o conflito. Guía para a mediación escolar.
  - Tratar cos demais profesores/as do equipo educativo, os problemas académicos, de disciplina e de grupo.
  - Mediar con coñecemento de causa en posibles situacións de conflitos entre alumnos/as e profesores/as e informar debidamente ós pais e nais.
- Actividades para a sensibilización fronte ó acoso, ciberacoso e intimidación entre iguais. (Titoría e Orientación)

Neste punto concentraranse toda unha serie de accións para tratar de forma sistematizada no contexto da titoría, tarefas que incidan no ámbito da convivencia:

- Cohesión de grupo e disciplina democrática.
  - Educación emocional.
  - Educación en valores.
  - Educación en técnicas de comunicación, asertividade e habilidades sociais.
  - Talleres para a mellora da autoestima.
  - Talleres de asertividade e habilidades sociais.
  - Talleres de resolución de conflitos.
  - Taller de intelixencia emocional.
  - Mediación escolar.
  - Acoso escolar.
  - Programa de Cinensino promovido polo Concello de Boqueixón e en colaboración cos profesores docentes encargado da área de valores e o profesor de relixión.
- Actuacións do profesorado titor para a inclusión do alumnado de novo ingreso.





- **Programa de transición** (cando o alumno procede doutro centro): obter a máxima información do alumno/a en canto á súa traxectoria académica, persoal e de integración social no anterior centro.
- Plan de acollida:
  - Propiciar un ambiente escolar no que o novo alumnado e as súas familias se sintan ben acollidos.
  - Dar a coñecer ás familias e o alumnado as características da nosa comunidade educativa e fomentar a súa participación.

*Acollida na aula*

- Realizar actividades que permitan o coñecemento dos integrantes do grupo: presentacións, dinámicas de cohesión grupal e coñecemento, traballo cooperativo,...
- Explicar as normas ao novo alumnado.
- Nomear un compañeiro que o integre e acompañe no coñecemento tanto estrutural coma dos espazos do centro.

Igualmente, o desenvolvemento no centro das distintas actividades relacionadas cas festividades ao longo do curso, as cales se impulsan dende os diferentes equipos.

- Actuacións específicas dende o equipo de Biblioteca.
  - Colaboradores de Biblioteca
    - Axudan a dinamizar a biblioteca e a mantela ordenada.
  - Mochilas viaxeiras
    - Involucran ás familias no hábito lector a través do emprego de mochilas con contido cultural que son enviadas ás casas a través do alumnado para desfrutar en familia.
  - Apadriñamento lector
    - O alumnado de terceiro ciclo fai lecturas para todo o cole en pequenos grupos mixtos de aulas e cursos.

- A actividade dos apadriñamentos lectores faise dende o traballo do Equipo de dinamización de biblioteca para, dun xeito creativo, adaptar a titoría entre iguais para unha actividade especial polo día do libro ou outras datas a valorar. Deste xeito, o alumnado de 3º ciclo repártese de modo que alumnos de idades avanzadas apadriñan a nenos máis pequenos para lerlles un conto, en pequenos grupos mixtos de aulas e cursos.
- Promoción de diferentes actividades para as conmemoracións
  - Involucran a todo o profesorado do centro a través de diferentes propostas didácticas con motivo das seguintes festividades:
    - Día Universal da Infancia.
    - Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
    - Conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia.
    - Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
    - Día Escolar da Non Violencia e da Paz.
    - Día de Rosalía de Castro.
    - Día Internacional da Muller.
    - Semana da Prensa.
    - Día das Artes Galegas.
    - Semana do Libro.
    - Semana das Letras Galegas.
    - Día Mundial do Medioambiente.
  - Ludoteca/Biblioteca
    - Espazo de xogo compartido no que a través dos xogos de mesa, o alumnado interacciona e convive aprendendo a respectar as normas e regras básicas de respecto e deportividade no xogo.
- Actividades específicas dende equipo de extraescolares

Involúcrase a toda a comunidade educativa nas festas e festividades sinaladas, como o Nadal, Magosto, Samaín, Entroido, Convivencia de Xirimbao, Xogos de fin de curso (para estes dous últimos cóntase ca colaboración do profesorado de Educación Física e da ANPA).

## 5. NORMAS XERAIS DO CENTRO.

As normas xerais do centro teñen como **referente** os seguintes aspectos:

- Asistencia e puntualidade.
- Respecto a integridade física e a dignidade da persoa.
- **Respecto e adecuada utilización dos bens** que forman a Comunidade Educativa: edificio, mobiliario, instalacións, material de Centro, material persoal...
- **Respecto á reserva de acceso a determinadas zonas** do Centro: aulas en tempo de patio...
- Mantemento dunha **actitude correcta na clase**.
- **Tolerancia** ante a diversidade, respectando as características e as diferenzas de cada persoa.
- **Corrección no trato social**, en especial, mediante o emprego dunha linguaxe correcta.
- Interese por desenvolver o propio traballo con responsabilidade.
- **Respecto polo traballo** de todos os membros da Comunidade Educativa.
- Coidado no **aseo e imaxe persoal** e a observación das normas do Centro sobre esta materia.
- En xeral, o cumprimento dos deberes que se sinalan na lexislación vixente, no presente plan, no NOF e no R.R.I.

## 6. NORMAS DE CONVIVENCIA.

Para poder levar a cabo o labor docente con éxito, é necesaria a existencia dunhas normas que fomenten un clima que favoreza o proceso de aprendizaxe. Para que se

dean esas condicións faise necesaria a existencia dun conxunto ben articulado destas, que no noso caso están recollidas no **Regulamento de Réxime Interno e nas NOF**.

As normas deste centro teñen unha **redacción en positivo**, onde se recolle o que hai que facer, tentando que estas sexan **eficaces, claras e realistas**.

Na súa realización, fomentárase a **participación de todos os membros** da comunidade escolar, buscando o **consenso e o compromiso** na toma de decisións.

Cada norma irá acompañada da súa corrección en caso de infracción. É importante que quen sexa sancionado coñeza de antemán a **vinculación entre a infracción da norma e a consecuencia da mesma**.

En todo caso, a concreción de normas será a seguinte:

1. Normas de aula e de centro. Ámbito de aula e de centro.
2. Normas de Convivencia. Ámbito das actividades e proxectos especificados no punto.
3. NOF. Ámbito legal.

## **7. COMISIÓN DE CONVIVENCIA NO CENTRO.**

Co fin de **coordinar e avaliar as actividades propostas neste plan**, é necesaria a creación dunha estrutura que teña como prioridade esa función.

A **Comisión de convivencia do centro é un órgano colexiado** que ten como obxectivo fundamental, reflexionar e investigar en relación co estado da convivencia no centro e deseñar estratexias que permitan mellorar o clima da convivencia escolar.

Dita comisión, será quen dinamice, revise e actualice o Plan de Convivencia, escoitando e recollendo todas as iniciativas e suxestións de todos os sectores da Comunidade Educativa.

**A Composición da Comisión de Convivencia**, é a seguinte:

- **O director** do centro, que presidirá.
- **A xefa de estudos**.

- De un a catro **representantes do profesorado**, incluída a persoa responsable da mediación escolar. (No noso caso a orientadora do centro).
- A **orientadora** do centro.
- Unha persoa **representante das familias**.
- Unha persoa representante do **persoal non docente**.
- **Profesionais do concello** (Educación, Sanidade, Servizos Sociais...) implicados na mellora da convivencia.
- De forma excepcional, e se fose necesario, podería participar nas reunións da comisión, o **profesorado titor** relacionado co tema a tratar en cada sesión.

## 7.1 COMPETENCIAS DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA.

1. Velar porque exista un ambiente de convivencia, disciplina e respecto no Centro.
2. Estudar con urxencia os problemas que puidesen producirse.
3. Adoptar medidas correctoras ou sancionadoras en casos graves.
4. Dinamizar o plan de convivencia do centro.
5. Propoñerlle á Administración educativa as medidas oportunas para a mellora da convivencia.

## 7.2. PERIODICIDADE DAS REUNIÓN.S.

A Comisión de Convivencia reunirse, **cada vez que sexa necesario** por temas disciplinarios e polo menos **unha vez ao trimestre**. Elaborará un informe que debe recoller as incidencias producidas no período, as actuacións levadas a cabo e os resultados conseguidos e presentaraos ao Consello Escolar.

## 8. RELACIÓN DE FALTAS E CATALOGACIÓN.

**As faltas cometidas por un alumno/a catalogaranse en leves e graves.** Todo o profesorado do centro estará involucrado no mantemento dun bo clima de convivencia, e no cumprimento das normas de conduta establecidas. Polo tanto, calquera profesor/a testemuña dunha infracción ás devanditas normas, cando teña a consideración de leve,

está facultado para impor a sanción correspondente, segundo establece o Regulamento de Réxime Interno. Se ten consideración de grave, o poñerá en coñecemento do Equipo Directivo e do titor/a, que tomará as medidas pertinentes.

Hai que ter en conta que a imposición de sancións terá finalidade e carácter educativo en cara a conseguir a mellora da convivencia no centro.

Non se prohibirá a ningún/ha alumno/a o seu dereito á educación. Non se imporán correccións contrarias á dignidade e integridade física. Teranse en conta a idade, situación e circunstancias persoais, familiares e sociais dos alumno/as. As sancións serán proporcionais á natureza e gravidade das faltas e deberán contribuír á mellora da convivencia.

### **Faltas leves**

- Son faltas leves aquelas infraccións ás normas de conduta establecidas no Regulamento de Réxime Interno que, pola súa importancia, non teñan a consideración de falta grave.
- Faltas inxustificadas de **puntualidade** e faltas inxustificadas de **asistencia** a clase, que se son reiteradas convértense en graves.
- **Perturbacións no desenvolvemento habitual das actividades da aula.**
- **Falta de colaboración sistemática** do alumnado na realización das actividades orientadas ao desenvolvemento do currículo.
- As **condutas que poidan impedir ou dificultar o exercicio do dereito de estudar polos seus compañeiros.**
- A **incorrección e desconsideración no trato** cara aos outros membros da comunidade educativa.
- Causar **pequenos danos** nas instalacións, recursos materiais ou documentos do centro, ou nas pertenzas dos demais membros da comunidade educativa.
- Usar material ou acceder a certas áreas do centro sen supervisión do profesorado.

As **medidas correspondentes a sancionar ás faltas leves** son:

- Amoestación privada ou por escrito.
- Comparecencia ante a Xefa de Estudos.
- Realización de traballos específicos en horario non lectivo.
- Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro, ou reparar o dano causado ás instalacións, ó material do centro ou ás pertenzas doutros membros da comunidade educativa.
- Suspensión do dereito a participar en actividades complementarias e extraescolares.
- Cambio de grupo/nivel durante unha sesión como máximo.

### Faltas graves.

Cualifícanse como faltas graves as seguintes:

- Os actos de **indisciplina, inxuria ou ofensa grave** contra membros da comunidade educativa.
- A **reiteración de condutas contrarias ás normas de convivencia.**
- A **agresión física ou moral** contra os demais membros da comunidade educativa.
- A **suplantación da identidade** en actos da vida docente e a falsificación ou subtracción de documentos académicos.
- **Danos graves** causados, por uso indebido ou intencionadamente, nos locais, material ou documentos do centro ou nos bens doutros membros da comunidade educativa.
- Actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro.
- As **actuacións prexudiciais para a saúde e integridade persoal** dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación ás mesmas.
- O **incumprimento das sancións impostas.**

As **medidas correspondentes a sancionar ás faltas graves** son:

- Amoestación oral e privada do/a profesor-titor/a co fin de intentar corríxila e

de que o/a alumno/a reflexione sobre os seus actos e as súas consecuencias.

- Porase en coñecemento do Equipo Directivo, comparecencia inmediata ante a Xefa de Estudos ou o Director ou calquera outra medida similar de aplicación inmediata. Porase en coñecemento dos seus pais e do Claustro de Profesores, e se procede, elevarase á Comisión de Convivencia para que esta adopte as medidas oportunas.
- Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro ou a reparar o dano en instalacións ou material do centro, en horario non lectivo.
- Suspensión do dereito a participar en actividades complementarias e extraescolares.
- Cambio de grupo no mesmo nivel, podendo ser permanentes.
- Suspensión do dereito de asistencia ó centro durante un período superior a tres días lectivos e inferior a un mes. Deberá realizar os deberes e traballos que se determine a fin de evitar a interrupción do proceso formativo.
- O Cambio de centro.

### **Para a corrección das dúas últimas condutas instruirase un expediente.**

De producirse faltas graves como: agresións físicas, vexacións, ameazas, coaccións, roubos..., por parte de calquera membro da comunidade educativa, en función das circunstancias deberanse por en coñecemento das autoridades tanto educativa, como xudicial.

## **9. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.**

### **Medidas de prevención.**

- Desenvolvemento e difusión do Plan de Convivencia a toda a Comunidade Educativa.
- Debate e discusión das normas de convivencia cada curso escolar entre o profesorado do Claustro.





- Coñecemento profundo das normas e das consecuencias de non cumprir as mesmas.
- Unificar criterios de intervención.
- Comunicación aos pais de cada titoría de devanditas normas.
- Fomento da participación das familias, incremento das reunións xerais e individuais.
- Unicidade de criterios entre familia e escola. (Contrato coas familias).
- Programar un tempo para o traballo nas titorías dos seguintes aspectos: debate e discusión das normas; por en práctica a asemblea de aula como estratexia de revisión de funcionamento das normas no grupo; celebración do Día da Constitución co fin de resaltar a importancia deste proceso como exercicio de democracia e participación; e fomentar a asunción de compromisos en canto as normas consensuadas
- Elaboración en cada clase das normas que van rexer a marcha da clase baseadas nas normas xerais de convivencia do Centro.
- Coñecemento das consecuencias da transgresións da norma.
- "A norma do mes". Seleccionar de cando en vez unha norma a destacar especialmente. Traballala con especial dedicación.
- Fomentar os valores democráticos: a tolerancia, a igualdade, a xustiza, a aceptación da diversidade, a resolución de conflitos de forma pacífica e non violenta.
- Programas de habilidades sociais e intelixencia emocional.
- Sensibilizar ao alumnado ante os malos tratos, acoso e intimidación entre iguais: en que consisten, como se manifestan, que podemos facer si o sufrimos, que podemos facer si vemos que un compañeiro/a acosa a outro...
- Fomentar un trato persoal correcto entre os distintos membros da comunidade Educativa.
- Establecer unhas regras contra o acoso.



#### CEIP Plurilingüe da Ramallosa

- Pasar cuestionarios de detección de acoso na clase.
- Formar á comunidade: familias, profesorado e alumnado, en temas relacionados coa convivencia.
- Evitar situacións que provoquen comportamentos inadecuados: diminución do nivel de ruído, distribución axeitada de espazos...
- Fomentar a asunción de compromisos cara o coidado do medio.
- Poñer en práctica os protocolos para atallar as incidencias dos alumnos/as que presenten alteracións de comportamento.

#### Procedementos específicos de actuación:

- Protocolos en caso de conflito:

Ante calquera conflito leve que xurda será o propio **profesorado titor ou especialista, o que o resolva mediante o diálogo e a negociación cos seus alumnos/as**, as normas que han rexer a boa marcha da clase. En caso de incumprimento da norma falarase co alumno/a individualmente e axudaráselle a reflexionar sobre o seu comportamento para que se dea conta das consecuencias da súa actitude.

**Segundo a gravidade da falta haberá unha amoestación verbal ou unha sanción.** Ademais, se é unha situación de pelexa ou insulto, o alumnado implicado fará as paces e pedirase desculpas.

**Informarase ás familias permanentemente dos conflitos**, ben no momento que xurdan ou ben nas frecuentes entrevistas cos titores/as. Falarase con elas e tentarase buscar unha solución á situación e de seguir uns criterios comúns de actuación.

**O Equipo Directivo apoiará este labor reforzando as medidas disciplinarias aplicadas polos profesorado.**

Programarase un **plan de actuación para o alumno/a por parte da orientadora e o profesorado titor do alumno/a** e será presentado aos demais membros do claustro que estean en relación co alumno/a.



Segundo o caso o plan de actuación deberá incluír os aspectos seguintes: obxectivos, actuación individual co alumno/a, selección de técnicas que se poden aplicar co alumno/a, medidas adoptadas en relación co comportamento disruptivo na aula, organización e dinámica da clase, interacción profesor/alumno, localización espacial na aula, aceptación ou rexeitamento do alumno por parte dos seus compañeiros/as, temporalización.

En relación co ámbito familia e co fin de manter unha liña de actuación común e aumentar deste xeito a eficacia da actuación; estableceranse unha serie de **reunións coa familia do alumno/a**, nas que se lles explicará en que consiste a actuación programada, daráselles orientacións de actuación e irase a avaliando a eficacia de devandita actuación.

- Protocolo ante posibles situacións de intimidación, maltrato ou acoso. Seguirase o especificado no Protocolo establecido pola Consellería.

## **10. APROBACIÓN E DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA NO CONSELLO ESCOLAR E POSTERIOR INCORPORACIÓN AO P.E. DO CENTRO.**

A Comisión de Convivencia realizará o seguimento do mesmo e valorará os avances e dificultades do Plan. Ademais realizarase un seguimento na Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Realizarase unha avaliación do plan atendendo aos seguintes criterios:

- Grao de implantación e consecución dos obxectivos.
- Actuacións e grao de participación da comunidade educativa.
- Coordinación e implicación do Plan no centro.
- Formación e asesoramento recibidos e recursos utilizados.
- Conclusións e propostas de mellora.
- Avaliación do proceso e dos resultados.
- Documentación elaborada.

Realizarase unha revisión Anual do Plan a comezos de cada curso escolar para engadir as posibles modificacións.

Os instrumentos de avaliación empregados serán os seguintes:

- Cuestionarios.
- Enquisas ós membros da comunidade escolar.
- Propostas do Club de Convivencia.
- Rexistros do cumprimento do establecido.
- Observación directa.

## **INFORME DO CLAUSTRO**

O documento do PLAN DE CONVIVENCIA do centro foi presentado e informado polo Claustro de Profesores en sesión ordinaria celebrada o día 27 de xuño de 2024.

## **RESOLUCIÓN DO CONSELLO ESCOLAR**

En reunión ordinaria do Consello Escolar do Centro, celebrada o día 27 de xuño de 2024, foi aprobado o PLAN DE CONVIVENCIA deste centro e que figura nas páxinas anteriores a esta certificación.

Na Ramallosa , a ... de ..... de 2.024

O Director

A Xefe de Estudos

A Secretaria